

# A devolucion da extra, puro esperpento

O 23 de decembro o Director Xeral de Función Pública, contra o que di a Lei de Orzamentos do 2015, mantivo que se ía devolver en xaneiro o 12,5% da extra do 2012 a todos/as os/as empregados/as públicos/as da Xunta. Isto era parte do plan de devolución da extra que implicaba a devolución doutro 12,5 % en abril, o 50% no 2016 e o 25% no 2017. Unha maravilla.

Iso eran as declaracións do Director. Pero a nós **non nos cadran as contas** cando o único sobre este asunto, que está recollido nunha norma, é unha devolución de máis ou menos o 12,5% da extra para funcionarios/as e o 5% para os laborais que se deduce da DA 17 da Lei de Orzamentos.

O panorama que temos ata o de agora é o seguinte:

- O persoal funcionario vai cobrar 22 días da extra e 7 días da paga adicional, que ven sendo un 12,5% do total da extra.
- O persoal laboral vai cobrar 7 días da extra e 7 días da paga adicional, o que ven sendo un 5% da extra.
- O Estado dita unhas instrucións para que o seu persoal saiba como ten que facer para cobrar, incluídos modelos de solicitude.
- A Xunta envía unhas instrucións ás habilitacións, pero non ao persoal, e as consellarías fan o que consideran.
- Nas instrucións se di claramente que todo/a aquel que teña unha nómina activa na Xunta a 31 de decembro de 2014 vai cobrar de oficio, e que o CIXTEC se vai encargar de remitir os listados a cada consellaría. Habilitacións, como as de Traballo e Benestar fan caso omiso das instrucións e esixen solicitude previa daquelas persoas que tiveran concursado, etc.

Polo tanto:

1. **Non se nos aclara onde esta orzamentado** e en que norma legal se contempla a devolución do mes de abril (seguindo a Lei de orzamentos, todo o pagamento sería na nomina de xaneiro).
2. Se **discrimina ao persoal laboral** que vai ver como a súa devolución é a terceira parte da do persoal funcionario.
3. **Non se informa ao persoal de se teñen que presentar solicitudes** ou se a devolución se fai de oficio, ao contradicir as instrucións das habilitacións o que di a Lei de Orzamentos.
4. **Algunhas consellarías fan caso omiso das instrucións** conforme todos os que teñan nómina activa van cobrar de oficio.

## En resumo, caos mentiras e discriminación.